DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 31 · **Xaneiro 2024**



25 anos traballando pola inclusión

A Federación conmemora o seu 25 aniversario a través dun **vídeo-balance** ➜

Índice

Down Galicia cumpre 25 anos de traballo pola inclusión 2

Estrea ano cos calendarios de Down Ourense e Down Coruña 4

25 persoas das entidades fan prácticas na Xunta 6

Tribunal Supremo avala o dereito á Educación inclusiva 7

Máis de 1.500 accións no servizo de Orientación Laboral 9

Premiado o proxecto de vida independente de Teima 10

Down Vigo estrea o musical 'A maxia das emocións' 12

Tres mulleres de Xuntos acadan un traballo en Pontevedra 13

Dous usuarios de Down Lugo fan prácticas no concello da cidade 15

Eleccións ao Padroado en Down Compostela 16

Séguenos, subscríbete e contacta 18

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Época de rebaixas! Manuel, de Down Compostela, de compras

ESPECIAL ANIVERSARIO

Down Galicia cumpre 25 anos traballando pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

Ano 1998. As cinco Down asociacións existentes -Down Vigo, Down Compostela, Down Lugo, Down Pontevedra Xuntos e Teima Down Ferrol- decidiron unir as súas forzas na defensa dos dereitos das persoas coa síndrome de Down. Os pais e nais que formaban as entidades quixeron ir un paso máis alá na procura dun futuro mellor para os seus fillos e fillas. Así naceu a Federación Down Galicia.

No rematado 2023, medio lustro despois, as sete entidades membro da Federación -sumando a Down Coruña e Down Ourense- conmemoraron este especial aniversario, co que facer balance de todo o camiño percorrido, que é moito, pero tamén con vista a todo o que aínda queda por vir, que é moito máis.

O punto de partida, un motivo de rebeldía

"As persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual non estaban incluídas na sociedade, formaban un mundo aparte. Ese foi o motivo de rebeldía. Dicir: 'Isto acabou, ata aquí chegamos'". Así expresa Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, o punto de partida deste movemento asociativo e social. "Procurábamos un nexo de unión que puidese canalizar todas as inquedanzas a través dun órgano común".

"Nunha escala de 10 puntos, estamos no 3"

Facendo balance, o presidente non dubida en asegurar que "a inclusión como tal non forma parte das nosas vidas, porque hai barreiras que só seremos quen de derrubar co paso xeracional. Pero para que iso ocorra, hai que comezar a traballalo desde xa. Por dicilo dunha maneira gráfica, desde o inicio ata hoxe, se establecemos unha escala de percorrido. De 10 puntos, digamos que estamos no 3".

"Non podemos desfalecer xamais ata conseguilo"

Delmiro Prieto aproveita a análise do camiño feito louvando o traballo dos equipos profesionais das 7 entidades e a propia Federación ao longo destes 25 anos. "Sinto orgullo", insiste.

"Pensando no futuro, o que nos toca é seguir traballando e seguir apostando polo que sempre cremos e polo que sempre defendemos, que é o respecto ás persoas que teñen algunha dificultade. Vale para síndrome de Down e vale a nivel universal", apunta o presidente, que insiste en que "ese é o gran reto. Tardaremos máis ou menos, pero chegaremos a el".

Agradecemento por 25 anos de traballo

Desde Down Galicia queremos agradecer a todas as persoas vencelladas ao Movemento Down (persoas usuarias, familias, profesionais, voluntariado, empresas e administracións) a súa implicación, traballo e colaboración ao longo destes 25 anos.

Grazas ao seu bo facer a Federación e as súas entidades acadaron unha chea de pequenas grandes metas. A por outras moitas!



VÍDEO-BALANCE DOS 25 ANOS DE DOWN GALICIA

Estrea novo ano co calendario de Down Ourense e Down Coruña

Para comezar este 2024, que mellor que un calendario solidario para manter con enerxía e bo humor os próximos 365 días, apoiando ademais o traballo diario de entidades coma Down Ourense ou Down Coruña.


Así son os seus almanaques!

Down Coruña presenta "unha fiestra á diversidade"

A asociación Down Coruña pon á venda o seu calendario solidario 2024, que está dispoñible en El Corte Inglés de Ramón y Cajal e en FNAC da Praza de Lugo. Nesta ocasión, o almanaque busca destacar a beleza e a vitalidade das persoas coa síndrome de Down, converténdose nunha fiestra á inclusión e á diversidade.

Por quinto ano consecutivo, a entidade realizou este calendario como unha ferramenta de sensibilización para acercar á sociedade a realidade das persoas coa síndrome de Down e dar visibilidade aos valores defendidos por Down Coruña. Coa súa compra apóiase o labor de Down Coruña na busca dunha sociedade máis inclusiva.

A asociación ten como misión principal mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, promovendo o desenvolvemento das súas capacidades individuais e facilitando a súa total inclusión en contornas familiares, sociais, educativas e laborais.



Calendario de Down Coruña



Presentación do calendario de Down Ourense

Down Ourense alíase coa Unión Deportiva Ourense

Para o seu calendario solidario, Down Ourense contou coa Unión Deportiva Ourense e o fotógrafo Emilio Romanos Castiñeira, que inmortalizou coa súa cámara divertidos momentos entre os xogadores do equipo de fútbol e as persoas usuarias nos estadios de O Couto e Coles.

Ademais, varias empresas da contorna colaboraron de xeito económico na elaboración destes calendarios: a Deputación de Ourense, Grupo TAR, Angelo Milano, Ourenmatel e o Centro Comercial Ponte Vella.

No acto de presentación do calendario, Sonia González salientou o importante que é esta iniciativa para a entidade e indicou que se trata "dun camiño máis para dar visibilidade ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais". Tamén quixo agradecer "a participación de todas as persoas que, desinteresadamente, fixeron posible a elaboración deste almanaque" e aproveitou a súa intervención para recordar que "coa súa compra estase apoiando a inclusión social e o empoderamento do colectivo".

Este ano a tirada é de 1.200 exemplares: 600 calendarios de parede e 600 calendarios de sobremesa. Todos eles teñen un prezo de 5€ e os beneficios obtidos coa súa venda van destinados integramente aos programas de Down Ourense e que, actualmente, dan servizo a 93 persoas.

Aquelas persoas que o desexen, poden adquirilo na propia asociación e na tenda Angelo Milano, na Rúa Paseo nº 30.

25 persoas das entidades Down de Galicia realizan prácticas laborais na Xunta de Galicia a través de Política Social e Xuventude

Grazas ao convenio asinado entre a Federación Down Galicia e a Consellería de Política Social e Xuventude, 25 persoas usuarias das entidades Down galegas estiveron a formarse e realizar prácticas laborais en diferentes dependencias deste departamento da Xunta de Galicia desde agosto a decembro de 2023.


A través deste acordo, a Consellería achegou cento corenta mil euros, 140.000 €, para este proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral, que formou ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual para facilitarlles o paso ao mundo laboral. Dito colectivo é un dos que teñen maior taxa de desemprego e menor taxa de contratación.

As persoas participantes no proxecto realizaron tarefas de apoio ao persoal para o aprendizaxe e práctica das actuacións en diversos servizos vinculados a postos definidos na administración autonómica, coma ordenanza, cociña, lavandaría, entre outros.

As accións desenvolvéronse nas dependencias das xefaturas territoriais da Consellería das cidades de Lugo, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela cunha xornada media de entre 3 e 4 horas ao día.

A metodoloxía empregada estruturouse en dúas fases. Por unha banda, a formación teórica dende as entidades Down para o aprendizaxe e práctica dos postos nos que se desenvolven. Por outra, a formación práctica para completar as accións de aprendizaxe e inclusión sociolaboral.

Dende as entidades que forman parte da Federación Down Galicia faise especial fincapé na inclusión laboral, non como un fin en si mesma, senón como un medio para que as persoas con discapacidade intelectual acaden un desenvolvemento e unha aceptación persoal, sen a cal sería moi difícil conseguir a súa inclusión social.



Miguel, de Xuntos, no seu posto de prácticas

O Tribunal Supremo obriga a España a compensar a Rubén Calleja por negarlle o dereito a unha educación inclusiva

O Tribunal Supremo estableceu o "carácter vinculante e obrigatorio" dun ditame da ONU que recoñece o dereito á educación inclusiva de Rubén Quella, mozo leonés coa síndrome de Down, que en 2011 foi excluído da escola ordinaria e só se lle ofreceu ir a un centro especial.

Así se recolle nunha sentenza da Sección Carta da Sala do contencioso-administrativo do Supremo, que foi acordada polo voto favorable de catro maxistrados e o rexeitamento doutro. Nesta resolución establécese que "non pode privarse de efecto" o ditame" da ONU que en 2020 declarou a España responsable de vulnerar os dereitos deste menor e instoulle a tomar medidas reparadoras.

"Estamos felices. Despois de tantos anos, por fin se recoñece o dereito á dignidade de Rubén, e o seu dereito fundamental a unha educación inclusiva que lle foi negado durante anos", explica Alejandro Calleja, pai de Rubén, en declaracións a Down España. Doutra banda, Calleja afirma que "esta sentenza é o recoñecemento do dereito á educación inclusiva en España, á Convención Internacional das Persoas con Discapacidade e aos dereitos que recoñece a propia Constitución Española, que no caso de Rubén vulneráronse sistematicamente. O máis importante é que senta un precedente e crea xurisprudencia e que se beneficiará diso aqueles que veñan detrás", engade.

Doutra banda, a Federación estatal tamén conversou co avogado experto en educación inclusiva que levou este caso, Juan Rodríguez Zapatero. "Esta sentenza é unha chamada de atención urxente ao conxunto dos poderes públicos e sinala a necesidade urxente de que se adopten todas as medidas necesarias para adaptar a lexislación educativa á Convención".

"A sentenza do Tribunal Supremo ten un alcance importante porque sinala que os ditames do comité das Nacións Unidas son a partir de agora vinculantes a nivel xurídico. O comité ditaminou no seu día que no caso de Rubén houbo unha lesión de dereitos fundamentais, e agora o alto tribunal emitiu unha sentenza que os avala", explica.

Para o xurista, esta sentenza "reforza a Convención das Persoas con Discapacidade, e marca o camiño para que calquera persoa ou familia que vexa os seus dereitos fundamentais vulnerados acuda ao comité da Convención". Iso si, a pesar da importancia da sentenza, segundo explica o experto, se non cambia a lexislación e unha familia ve vulnerado o dereito do seu fillo ou filla a unha educación inclusiva, tería que esgotar todas as instancias xudiciais antes de recorrer ao Comité, un camiño que podería levar máis dunha década.

Para o avogado "non se trata de que as familias sexan heroes e se sacrifiquen como a familia de Rubén, senón de que se reforme dunha vez por todas o sistema educativo para adaptalo á Convención e así garantir o dereito a unha educación inclusiva de todo o alumnado".

Tamén é importante salientar que esta nova sentenza do Tribunal Supremo non cuestiona as anteriores sentenzas, xa que non foron revisadas. O que recalca é que non se adoptaron as medidas de eficacia para protexer a un menor que foi discriminado pola súa discapacidade.

Para Rodríguez Zapatero, "o Estado español non actuou como debía. Vulnerou o dereito á educación inclusiva de Rubén. Agora o camiño é claro e non podemos mirar para outro lado. É un feito palpable que España non está a cumprir a Convención e é necesaria unha reforma do sistema educativo".

Sobre a necesaria reforma, o experto apunta que "debería chegar canto antes porque é unha esixencia que non só debería ser das familias de persoas con discapacidade, senón de toda a sociedade. Fai falta xa unha lei de inclusión educativa e un consenso de todos os partidos políticos porque falamos dun dereito fundamental. Hai que esixir que o Estado cumpra co seu deber".



Rubén Calleja e a súa familia

Máis de 1.500 accións desenvoltas no Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia, que atende a 249 persoas demandantes

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia acumulou no pasado período 1.587 accións de orientación para un total de 249 persoas en busca activa de emprego. O balance está encadrado entre febreiro de 2022 e xaneiro de 2023, no caso das profesionais de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de agosto de 2022 a agosto de 2023 da profesional que da servizo ás provincias de Lugo e Ourense.

As accións de orientación van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis eficaz.



Sesión grupal de Orientación Laboral

Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de entrevistas personalizadas (1006), sesións grupais (219) e entrevistas fóra de axenda (77), co obxectivo de dar resposta ás necesidades das persoas demandantes de emprego en función do seu perfil profesional.

Por outra banda, tamén se levaron a cabo 33 itinerarios personalizados de inserción e se mantiveron reunións ou entrevistas telefónicas coas familias, chegando a un total de 138 nos meses analizados. Ademais de 113 visitas e contactos con entidades públicas e privadas, así como 1 a unha empresa de ámbito autonómico. Finalmente, este labor desenvolveuse grazas á coordinación co persoal técnico de Emprego das entidades Down e o equipo de Down Galicia, cun total de 220 reunións.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para iso, conta con tres orientadoras laborais, que prestan servizo itinerante desde os tres centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, para dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo -ambas cidades-, respectivamente.

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia. Durante o período referenciado, este servizo foi financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

O proxecto de apoio á vida independente de Teima recibe o Premio Solidario "Cidade de Ferrol"

"Marcho que teño que marchar" é o nome do proxecto de apoio á vida independente de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de Teima Down Ferrol, galardoado co Premio Solidario "Cidade de Ferrol" que outorga cada ano o concello da cidade naval.

O proxecto, que xa foi distinguido pola Deputación da Coruña co Premio de Boas Prácticas en Servizos Sociais, diríxese a 48 persoas adultas de entre 19 e 53 anos coas que se fixa un itinerario cara unha vida independente contemplando as súas demandas e as súas familias.

O Concello concede así á entidade 6.000 euros para contribuír á posta en práctica do proxecto e o seu mantemento.

Mari Muíño, responsable do programa de vida independente de Teima, indica que desde a entidade valoran "moi positivamente o recoñecemento a un proxecto que xurde de afianzar unha metodoloxía inclusiva, que da oportunidade ás persoas con discapacidade intelectual a vivir a vida tal e como queren, igual que o resto das persoas".

Por outra banda, Mercedes Alonso, coordinadora da entidade, explica que desde Teima tratan de que "cada persoa teña o seu propio itinerario de vida, traballando cunha planificación centrada na persoa, e contando cos apoios necesarios".

Xurado do Premio Solidario

A concelleira de política social e inclusión, Rosa Martínez Beceiro, presidiu o xurado deste galardón, que estivo integrado por edilas da corporación, representantes de entidades sociais e as entidades gañadoras do anterior ano 2022.

A decisión foi tomada por unanimidade, aínda que Martínez Beceiro destacou que nesta edición foi difícil "debido á calidade, variedade e innovación dos proxectos" e engadiu que están "orgullosos do traballo solidario que realiza o noso tecido social".

Ademais deste galardón, o concello concedeu outro na categoría de Proxecto Solidario no eido da Cooperación Internacional, que recaeu na Asociación Solidaria Djouma con "Educación e auga en Mali". A iniciativa, que recibe 4.000€, ten o obxectivo de que máis de 3.700 menores teñan acceso a auga potable nas escolas de Bandjougoubougou, Titibougou, Fombabougou e Souleymanebougou, construíndo catro pozos con bombas e paneis solares, ademais de almacenamento para 5.000 litros.



Saída dun grupo de Vida Adulta de Teima

Down Vigo presenta a obra teatral musical “A maxia das emocións”

Sorpresa, medo, vergoña, prexuízo, culpa, tristeza, orgullo, enfado, calma, noxo, amor e alegría. E moita música. Con estes ingredientes, Down Vigo puxo a flor de pel as emocións do público no auditorio Helios de Bembrive o 1 de decembro.

Durante aproximadamente unha hora, as case 50 persoas de todas as idades que asisten ao servizo de Musicoterapia da asociación actuaron para un público disposto a deixarse sorprender. A obra representada céntrase en expresar as emocións a través das artes. Disciplinas como a danza contemporánea, a expresión corporal, a música e o teatro son os medios para facer chegar ao público a emoción coa que se quere xogar en cada escena. O proceso creativo desta obra é o resultado dos talleres de comprensión das emocións.



Cartel da obra de Down Vigo

Desde hai semanas, a entidade preparou un evento escenográfico no que as emocións foron o fío condutor dunha secuencia de escenas protagonizadas por persoas adultas e máis pequenas do servizo de Musicoterapia, así como por parte do equipo profesional da entidade. Durante as sesións de aula semanais, as persoas participantes deseñaron tanto o guión como a posta en escena, coordinados por Erick Alexander Corrente, técnico do servizo de Educativa.

Musicoterapia, que é?

A Musicoterapia consiste no uso terapéutico da música, así como de todos os seus elementos, para mellorar a saúde mental e emocional das persoas. As principais técnicas que se empregan habitualmente nestas sesións son a experimentación, a composición, a recreación e a improvisación utilizando como principal canle sensorial o oído. Adaptando a intervención a cada persoa usuaria, pódense obter melloras a nivel físico, emocional e cognitivo. A través da Musicoterapia trabállase a disciplina, o desenvolvemento da linguaxe (foméntase a audición e a dicción) e o corpo (a través do baile). De forma transversal, axuda a estar en equilibrio coa contorna.

Para desenvolver este proxecto, resultou fundamental a participación activa das familias da entidade e do equipo de profesionais, que se suma á colaboración de Banco Mediolanum, que apoia este evento escenográfico duplicando a cantidade económica que se recadou na plataforma de crowdfounding ‘Mi grano de arena’.

Tres mulleres de Xuntos acadan un posto de traballo en empresas da comarca de Pontevedra

Helga, Xiana e Verónica, tres mulleres que forman parte de Down Pontevedra Xuntos, veñen de incorporarse recentemente ao mundo laboral, no que comezaron a traballar nun supermercado, nunha gasolineira e nunha residencia de persoas maiores, respectivamente.

A súa discapacidade intelectual non lles impediu acadar un posto para o que estaban preparadas nin desempeñalo da mellor das maneiras. Ademais das súas capacidades, suman as súas ganas e a súa constancia nun mercado laboral habitualmente pouco optimista para as persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

Helga García, que comezou a traballar o pasado mes de xullo nun supermercado Froiz da cidade, afirma que está "moi contenta" e que lle "gustaría moitísimo quedar aquí". As súas tarefas consisten en repoñer e colocar os estantes, así como a preparación dos pedidos online. Esta non é a primeira relación contractual de Helga con esta cadea de alimentación, xa que desde o ano 2009 traballou nas distintas campañas de Nadal da empresa, preparando as tradicionais cestas. En canto á súa adaptación ao posto, a moza afirma que "hai que acostumarse e unha vez que colles o ritmo todo vai ben".

No caso de Xiana Moreira, este tampouco é o seu primeiro traballo, xa que leva consigo toda unha vida laboral chea de experiencias en sectores tan diversos como os da alimentación ou o cinema. Nestes momentos, tras un período de prácticas que comezou no verán, acaban de contratala de maneira indefinida na estación de servizo Repsol da ponte do Burgo, onde levará a cabo distintas tarefas como a reposición de produtos da tenda da gasolineira, a limpeza dos estantes e da pista onde botan gasolina os vehículos ou a propia repostaxe dos mesmos, entre outras. Xiana, que tamén se atopa preparando as oposicións de celadora do Sergas, asegura que "con esforzo e dedicación pode facerse todo".

Verónica Rosales, pola súa banda, acaba de incorporarse á residencia de persoas maiores Ballesol de Poio, onde traballa como camareira de piso. Esta moza xa tiña experiencia no ámbito da alimentación e como persoal de almacén nun salón de peiteado, pero esta é a súa primeira vez nun posto destas características. Indica que lle gustan moito as súas tarefas, consistentes en facer as camas das persoas residentes da residencia, apoiar ás súas compañeiras á hora do almorzo e das comidas e levar as bandexas á cociña. Verónica está "moi contenta" e cre que as persoas maiores coas que comparte o día "tamén o están".

Alta porcentaxe de inserción no programa

Os resultados acadados evidencian o bo funcionamento do programa de formación e emprego de Down Pontevedra Xuntos, xa que o 71% das persoas usuarias están traballando en empresas ordinarias da súa contorna nestes momentos.



Xiana, de Xuntos, no seu posto de traballo

Desde o ano 2002, as entidades Down en Galicia desenvolven o servizo de Emprego con Apoio, deseñado para atender especificamente as necesidades e barreiras que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais atopan á hora de intentar acceder ao mercado laboral ordinario.

Este modelo baséase nun sistema estruturado de apoios e acompañamentos para guiar ás persoas demandantes de emprego a través de todo o proceso de inserción socio-laboral e asegurar a súa correcta incorporación ao posto de traballo. Deste xeito, as persoas que se incorporan a un posto, contan co apoio dun preparador ou preparadora laboral que se encarga de levar a cabo unha formación específica no propio posto de traballo, para que o traballador ou traballadora poida ir adquirindo progresivamente unha adecuada execución das tarefas. O apoio tamén se centra na potenciación da interacción social cos seus compañeiros e compañeiras de traballo e na mediación na relación con eles para que se desenvolva de xeito positivo e natural.

O acceso en igualdade de condicións a un posto de traballo segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral das persoas con discapacidade. A participación e a cada vez maior presenza das persoas con discapacidade intelectual nas empresas ordinarias contribúe de xeito eficaz a desterrar os tópicos que tradicionalmente se atribúen a este colectivo, resultando un xeito sumamente eficaz de inclusión social.

Un mozo e unha moza de Down Lugo melloran as súas competencias laborais no Concello

Samuel Varela e Noelia Domínguez, un mozo e unha moza membros da asociación Down Lugo, veñen de rematar as súas prácticas formativas na casa do concello, onde puideron achegarse de primeira man ao traballo desempeñado no eido da administración.


Ambos están preparando as oposicións a ordenanza reservadas a persoas con discapacidade intelectual da Xunta de Galicia e estas prácticas formativas, que se levan a cabo grazas a un convenio de colaboración entre a asociación Down Lugo e a administración local, permítenlles trasladar á práctica toda a teoría aprendida durante os meses de estudo.

Así, durante catro semanas traballaron cóbado con cóbado cos seus compañeiros e compañeiras manexando decretos, informes e propostas. Os dous coinciden en que os acolleron moi ben, que aprenderon moito e que é unha boa forma de saber como pode ser o futuro no caso de conseguir a praza nas oposicións que preparan.

As entidades Down contan cun programa de formación laboral para que as persoas usuarias poidan participar no mercado laboral ordinario. Sarai Lodeiro, técnica de emprego de Down Lugo, comenta que “é moi importante ese primeiro achegamento ao mundo da empresa ou da administración porque van collendo rutina de traballo e responsabilidade e porque melloran as habilidades sociais necesarias para lograr ou manter un posto de traballo”.

Ademais, este tipo de prácticas “son importantes para potenciar a súa autonomía, ademais do propio aprendizaxe formativo en si”, indica a técnica de emprego.

Desde o propio Concello afirman que a experiencia é moi enriquecedora. “Moitas veces deixámonos levar por estereotipos e cremos que non poden facer determinadas tarefas, pero estamos moi errados”, indica Ana González Abelleira, titular da área de cohesión social da administración local.



Noelia e Samuel realizando as prácticas

As persoas usuarias de Down Compostela elixen a Daniel Pombo para representalas no Padroado da Fundación

O padroado da Fundación Down Compostela vén de incorporar entre os seus cargos a Daniel Pombo García, un mozo coa síndrome de Down de 29 anos, elixido polos seus compañeiros e compañeiras de entidade.

Así, o pasado mes de decembro, as persoas usuarias maiores de idade da área de formación e emprego da Fundación tiveron unha cita cas urnas para elixir á persoa que as representaría no mencionado órgano de goberno, e que, entre outras funcións, encargarase de dar traslado das principais suxestións e queixas das persoas con discapacidade durante os vindeiros catro anos.

Ademais de permitir ás persoas con discapacidade elixir libremente ao seu representante no padroado, a iniciativa tiña como obxectivo familiarizar aos mozos e mozas cun proceso electoral común, xa que as normas establecidas eran moi similares ás que regulan as eleccións municipais, autonómicas, nacionais ou europeas.

Un mes antes da xornada electoral abriuse o prazo para que aqueles mozos e mozas interesados puidesen presentar a súa candidatura. Ademais de Daniel Pombo, nestes comicios tamén participaron outros seis candidatos: Adrián Cutrín, David Aldrey, Juan Carlos Castiñeiras, Cristina Freire, Irene Toubes e María Esperante.

Durante catro semanas os sete candidatos foron explicando as súas propostas ao resto de compañeiros e compañeiras, facendo unha alegación final 10 días antes da xornada dos comicios. Tras isto, coincidiron en reclamar máis oportunidades laborais para as persoas con discapacidade, máis actividades de ocio e máis experiencias de vida independente.

A xornada contou cunha masiva participación: o 94% das persoas adultas con dereito a voto participou nestas eleccións, nas que ademais de poder votar de xeito presencial, era posible facelo por correo. Para poder exercer o voto desta última forma, pensada para aquelas persoas que durante a xornada estivesen traballando ou non se puidesen achegar ata a Fundación por outros motivos, as persoas interesadas tiveron que solicitar a súa papeleta a algún profesional da entidade, amosar o seu DNI e entregar o sobre co voto pechado.

Finalmente, tralo peche das mesas electorais, procedeuse ao escrutinio, que outorgou 13 votos a Daniel Pombo, 9 a David Aldrey, 8 a Adrián Cutrín, 7 a Irene Toubes, 5 a Cristina Freire, 2 a María Esperante, 2 a Juan Carlos Castiñeiras e 1 voto en branco. Deste xeito, Pombo erixiuse como gañador dos comicios, tomando posesión da súa praza como membro do padroado o pasado 20 de decembro. Neste 2024, o seu compromiso é reunirse aproximadamente unha vez ao mes cos seus compañeiros e compañeiras para recoller as súas propostas e poder así trasladarllas ao órgano de goberno no que participa en representación do colectivo.

En definitiva, a xornada electoral, que transcorreu con total normalidade, foi todo un éxito.

Proxecto para o fomento da participación

Este proceso electoral, enmarcado dentro dun proxecto da Fundación Down Compostela, xurde non só da necesidade de incorporar a unha persoa ao padroado da entidade, senón como unha forma de fomentar a autonomía das persoas con discapacidade e dinamizar a súa participación cidadá na súa contorna, así como na propia Fundación.

"Participación FDC" é unha iniciativa dividida en varias fases, que comezan co traslado de información sobre o padroado ás persoas usuarias da entidade: que é, como funciona, quen son os seus membros ou cales serían as funcións da persoa representante do colectivo, entre outras.

Tras esta fase inicial, abriuse o prazo para a presentación de candidaturas, traballando coas persoas interesadas no traballo que supón ser parte dun órgano de goberno dunha entidade, detallando os seus dereitos e as súas obrigas.

Posteriormente, deu comezo a preparación das campañas das distintas persoas candidatas coa elección do lema e da fotografía de campaña, a elaboración do cartel electoral, así como a selección das principais propostas e, tralo anterior, a tradicional pegada de carteis.

Paralelamente ao anterior, elaborouse un censo incluíndo a todas aquelas persoas que podían participar no proceso electoral e traballouse sobre o desenvolvemento da xornada electoral a través de dinámicas de *role play*, nas que as persoas usuarias da entidade repasaron os procesos básicos simulando unha xornada electoral real.



Mesa electoral do proceso de Down Compostela

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Encontro bilateral entre Down Lugo e Down Ourense na cidade amurallada